

A civilización mesopotámica


Observa o mapa de **Mesopotamia**. Mesopotamia é unha rexión de Asia situada entre dous ríos, o **Tigris** e o **Éufrates** (actualmente entre Irak e Siria).

Na primavera, o nivel dos ríos crecía e os campos asolagábanse. Cando o nivel da auga volvía a baixar, os campos quedaban cubertos de lama.

Ese barro facía que as terras fosen máis fértiles (producían máis alimentos).




A civilización mesopotámica aprendeu a controlar as inundacións e a aproveitar a auga para regar as terras máis secas. Así puideron producir maiores colleitas.



No IV milenio a.C. a poboación aumentou e os poboados convertéronse en **ciudades**. As cidades uníronse en **reinos** gobernados por **reis**. A civilización mesopotámica construíu grandes **palacios** para os seus reis, **templos** chamados **cigurats** para os seus deuses e **almacéns** para os alimentos.

A historia de Mesopotamia está dividida en cinco etapas:



Actividades

- A civilización mesopotámica naceu á beira dos ríos _____ e _____.
- A civilización mesopotámica aprendeu a controlar as _____ e a aproveitar a auga para _____. Así puideron producir maiores _____.
- A poboación _____ e os poboados convertéronse en _____.
- As cidades uníronse en _____ gobernados por _____.
- A civilización mesopotámica construíu grandes _____ para os seus reis, _____ para os seus deuses e _____ para os alimentos.

A civilización mesopotámica **inventou a escritura** (4000 a.C.). Na imaxe podes ver unha táboa de arxila con escritura **cuneiforme**. A escritura usábase para levar as contas dos almacéns, para escribir as leis e para lembrar os feitos que sucedían.




EVOLUCIÓN ESCRITURA CUNEIFORME									
SINCRONISMO HADA 3000 A.C.									
INTERPRETACIÓN	estrella	peixe	ave	arborescencia	león	cubo	casa	home	vacas
SINCRONISMO HADA 2400 A.C.									
SINCRONISMO HADA 700 A.C. (BRO DE 99)									
VALOR FONÉTICO	dingir, an	u, ul	a	se	ga	ing, ninda	la	du, gin, gal	lu
SIGNIFICADO	div, río	div, río	div, río	div, río	div, río	div, río	div, río	div, río	div, río

Mesopotamia foi pioneira no desenvolvemento (entre o experimental e o máximo) da **astronomía**, a **medicina** e as **matemáticas**.

A **sociedade mesopotámica** estaba organizada en tres niveis de riqueza e poder:

- Por riba de todos eles estaba o **rei**.
- No nivel superior estaban os **nobres**, que eran donos da terra; os **sacerdotes**, que coidaban os templos, e os **funcionarios**, que controlaban ao pobo.
- No nivel intermedio estaban os **campesiños**, que cultivaban a terra; os **artesáns**, que fabricaban cousas, e os **comerciantes**, que as vendían.
- No nivel inferior estaban os **escravos**. Facían o traballo máis duro e non tiñan riqueza nin poder.

Os nomes de cidades como **Ur** ou **Nippur**, de heroes lendarios como **Gilgameš**, do **Código Hammurabi**, dos asombrosos edificios coñecidos como **cigurats**, proveñen da Mesopotamia Antiga. E episodios mencionados na Biblia ou na Torá, como os do **diluvio universal** ou a **lenda da Torre de Babel**, aluden a feitos ocorridos nesta zona.



Actividades

➤ *Relaciona cada grupo social co seu traballo:*

- | | |
|-----------------|-----------------------------------|
| 1. Nobres | _____ cultivaban a terra |
| 2. Sacerdotes | _____ facían o traballo máis duro |
| 3. Funcionarios | _____ fabricaban cousas |
| 4. Artesáns | _____ controlaban ao pobo |
| 5. Comerciantes | _____ eran donos da terra |
| 6. Campesiños | _____ coidaban dos templos |
| 7. Escravos | _____ vendían produtos |

➤ *Para que usaba a escritura a civilización mesopotámica?*